

# THE RIDER

[Chloré Zhao, 2017]

# 440

ESTREA EN NUMAX: 21.09.2018 | V.O.S.E.

*The Rider* (2017, 104')

**Dirección:** Chloé Zhao

**Guión:** Chloé Zhao

**Elenco:** Brady Jandreau, Tim Jandreau, Lilly Jandreau, Cat Clifford, Terri Dawn Pourier, Lane Scott, Tanner Langdeau, James Calhoon, Derrick Janis

**Son:** Mike Wolf Snyder

**Montaxe:** Alex O'Flinn

**Música:** Robert Pycior, Ben Sokoler

**Fotografía:** Joshua James Richards

**Produtoras:** Caviar Films, Highwayman Films (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Caramel Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Mellor filme Quincena dos Realizadores), Valladolid 2017 (Mellor director novel e actor), Independent Spirit (4 nominacións incluíndo mellor filme e director)

## FILMOGRAFÍA

*Sons My Duughters Taught Me*, 2015

*Daughters*, 2010 [curtametraxe]

*The Atlas Mountains*, 2009

[curtametraxe]

## SINOPSE

Brady, que foi unha das estrelas do rodeo e un talentoso adestrador de cabalos, sofre un accidente que o incapacita para volver montar. Cando volve a casa dáse de conta de que o único que quere facer é montar a cabalo e participar en rodeos, o que o frustra bastante. Nun intento por retomar o control da súa vida, Brady emprende unha viaxe en busca dunha nova identidade e do significado do que é ser un home no corazón de América.

«Ofrécese mediante a súa pureza e lirismo como un dos retratos contemporáneos máis xenuínos e sensíbeis do auténtico oeste americano»

Carlos Reviriego, EL MUNDO



## “Como cineasta quero tender pontes entre partes que se ignoran”

**Entrevista con Chloé Zhao**

Por Marie Beloeil

### **Pódenos presentar a Brady? Quen é el na vida real e como chegou a ser o heroe de *The Rider*?**

Coñecino hai un par de anos. El traballaba nun rancho da reserva india de Pine Ridge, en Dakota do Sur. El estaba compenetrado cos seus cabalos de tal xeito que axiña pensei en facer un filme con el, mesmo sen saber que historia ía contar. Daquela, en abril de 2015, Brady recibiu un golpe cun casco de cabalo na testa. Moito antes do recomendado polos médicos el xa estaba de novo en competición. Foi aí cando me decatei de que tiña a miña historia, a dun mozo disposto a poñer a súa vida en risco para ficar fiel á idea que constrúe a súa identidade.

### **En que medida o desexo de explorar a mitoloxía do lonxano oeste pesou nas súas decisións?**

Tivo un peso importante, desde logo, mais non era a miña primeira intención. Os westerns que eu vin cóntanse cos dedos dunha man. Gústame moito *Hasta que llegó su hora* (1968) de Sergio Leone e varios westerns crepusculares dos 60 e 70. Mais non chego a identificarme cos seus personaxes, se cadra debido a que eu son unha muller.

### **Vostede filma os corpos dos competidores dos rodeos, que están magoados, esgazados e mesmo mutilados...**

Os filmes aos que máis nos aproximamos foron realizados por homes. Pouco importante a súa calidade, o caso é que están realizados arredor dunha ausencia. O xénero, ao igual que a cor da pel, ten un impacto. Un realizador masculino non filma os homes da mesma maneira que unha muller, eles deixan, polo xeral, pouco espazo á vulnerabilidade. Creo que é moi importante que o feminismo non teime en inculcar ás mozas que se mostren máis fortes. Cómpre ensinarlles tamén aos mozos que teñen o dereito a seren vulnerábeis.

O pai de Brady, Tim, que interpreta ese mesmo papel no filme, díxome: «Escoite, eu ensineille a Brady o que sei, o que me aprendeu meu pai. Eu eu son dez veces menos duro con el do que meu pai foi comigo». A idea transmitida é que cómpre ser totalmente independente, non aceptar axudas de ninguén... formas de masculinidade tipicamente americanas, que se remontan á conquista do Oeste. (...) Cando un medra na cidade aprende a conformar uns certos canons de beleza aprendidos, entre outros sitios, nas redes sociais. Aquí ninguén os vai xulgar ou dicirlles como teñen que vestir. Pensemos en Lilly, a irmá pequena de Brady con síndrome de Asperger. Ela pode ir ver o rodeo en pixama rosa e ninguén lle presta atención.

**Nas eleccións presidenciais de 2016, Donald Trump foi votado por un 61,5% do censo en Dakota do Sur. Vostede estaba gravando alí durante**

### **a campaña, que lección tira destes datos?**

Os demócratas, aos que eu votei, son tan culpábeis como os conservadores do que sucedeu. Pensemos por exemplo nos mineiros do carbón de Virxinia Occidental. Cando pecharon moitos en Nova York ficaron satisfeitos: un bo pulo para as enerxías renovábeis. Mais puxeron os pés nese Estado? Os mineiros tiñan un traballo do que estaban orgullosos, que herdaran de pais e avós. Non tiñan ningún interese por traballar nun supermercado Walmart. Da mesma maneira, Brady prefería estar nun cabalo, alindando vacas, como facía seu avó antes da irrupción da gandería industrial. Todo isto constrúe unha identidade. E iso é o que lles foi quitado. Non todo o mundo está feito para vivir en cidades. Se os demócratas queren vencer a Trump deben falar coa xente, no canto de lles botar en cara que lles retiraran o seu voto.

En Cannes, durante o encontro que tivo lugar co público logo da proxección, unha francesa tomou a palabra. Era evidente que, se ela vivise nos Estados Unidos, non tería votado xamais a Trump. Estaba moi emocionada e desexoulle a todos os actores que puidesen seguir gonzando de montar a cabalo por moito tempo. Ao meu pé, Cat Clifford, un mozo cow-boy e amigo de Brady, tanto na vida como na pantalla, tiña os ollos cheos de bágoas. El non vota a Trump mais pode recordar a moitos electores de Trump. Como cineasta a miña primeira motivación é, non tomar partido, senón tender pontes entre as partes que se ignoran. Iso é o que me apaixona.

Publicado en [courrierinternational.com](http://courrierinternational.com)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónete  
agora e ven  
sempre por**

**4€**

**Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo**

**Faite  
NUMAX!**